



RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2012 pola que se aproba a instrución conxunta sobre límites de compromisos de gasto en exercicios futuros e de autorizacións de superación dos devanditos límites ao abeiro do establecido no artigo 58 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O artigo 59 do Texto refundido polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (en diante TRLRFO) sinala que os créditos consignados nos orzamentos, terán validez exclusiva no exercicio para o que se aproban.

Porén, dentro da actividade normal da administración, existen certos gastos con unha execución que supera o marco dun exercicio orzamentario. Resulta, por tanto, preciso garantir que nos seguintes exercicios vai existir financiamento para os mesmos dentro dos orzamentos, ao obxecto de poder comprometer xuridicamente ante terceiros, mediante contrato ou calquera outro acto administrativo de compromiso, o seu financiamento futuro.

O procedemento orzamentario para acadar a devandita finalidade ven recollido no artigo 58 do TRLRFO e parte do establecemento de porcentaxes mínimos de crédito para futuros exercicios tomando como base o orzamento inicial en vigor.

Este método basease nunha “promesa de crédito mínimo” para os vindeiros exercicios que, en todo caso, está condicionada á concreción das dispoñibilidades orzamentarias de cada ano.

A recente normativa de disciplina financeira e orzamentaria recolle varios preceptos encamiñados a garantir que a programación financeira a medio prazo da comunidade autónoma, garanta a estabilidade orzamentaria.

Así o artigo 3 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que as actuacións dos axentes recollidos dentro do sector público autonómico garantirán a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.

Entendendo por sustentabilidade financeira, a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade



orxamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

A orxamentación e xestión do gasto dende una perspectiva plurianual artéllase como unha peza fundamental para acadar a estabilidade orxamentaria e mesmo a sostibilidade das finanzas públicas.

Resulta pois preciso ordenar e clarear os criterios e instrucións emitidas ao efecto de cara a definir ao xestor de gasto un escenario sistematizado no que respecta aos gastos plurianuais.

Por todo elo, ao abeiro das competencias recollidas nos artigos 11 e 19 do Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, apróbase a seguinte

INSTRUCCIÓN CONXUNTA SOBRE LÍMITES DE COMPROMISOS DE GASTO EN EXERCICIOS FUTUROS E DE AUTORIZACIÓNS DE SUPERACIÓN DOS DEVANDITOS LÍMITES AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 58 DO TRLFO.

PARTE I. Límites de compromisos de gasto en exercicios futuros.

PUNTO 1. Obxecto

As normas deste apartado regulan a fixación e carga no sistema contable e o réxime dos límites de compromisos de gasto de exercicios futuros aos que fai referencia o artigo 58 do TRLFO.

PUNTO 2. Ámbito subxectivo da Instrución

A presente instrución será de aplicación á Xunta de Galicia e tódolos entes instrumentais con orzamento limitativo, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, órganos consultivos e calquera outro ente



instrumental con personalidade xurídica propia que forme parte do orzamento consolidado.

No que respecta aos puntos 13 e 14 resultaralle aplicable ao resto dos entes instrumentais da Comunidades Autónoma.

PUNTO 3. Adquisición de compromisos de carácter plurianual

Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, para realizar determinados gastos que pola súa natureza se executarán en máis dun exercicio, axustándose aos límites que de seguido se indican.

PUNTO 4. Límite material

Os casos nos que procede a adquisición de compromisos de carácter plurianual son os seguintes:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Transferencias correntes derivadas de normas con rango de lei
- c) Transferencias correntes que se concedan a través de convocatorias ou do asinamento de convenios, logo da autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.
- d) Gastos en bens e servizos cuxa contratación baixo as modalidades establecidas na Lei de contratos do Sector Público non poida ser estipulada ou resulte antieconómica por prazo que comprenda un só exercicio orzamentario.
- e) Activos financeiros.
- f) Convenios con universidades e outras institucións ou centros docentes cando aqueles deban executarse durante cursos académicos coincidentes con dous exercicios orzamentarios.
- g) Arrendamentos de bens inmobles que vaian ser utilizados por organismos ou servizos da Comunidade Autónoma.
- h) Cargas financeiras derivadas de operacións de endebedamento da



Comunidade ou dos seus organismos autónomos.

PUNTO 5. Límite temporal

O número de exercicios futuros aos que se poden aplicar os gastos incluídos nas letras a), b), c), d), e) e f) do punto anterior non poderá ser superior a catro.

PUNTO 6. Límite cuantitativo

1. O gasto que nos supostos previstos nos apartados a), b), c), d), e) e f) do punto 4 se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá exceder o resultado de lle aplicar ao crédito inicial, a nivel de vinculación, as seguintes porcentaxes:

1. exercicio inmediato seguinte o 70%
2. segundo exercicio o 60%
3. e nos exercicios terceiro e cuarto o 50%.

2. O gasto que se comprometa con cargo a exercicios futuros non poderá ser inferior ao 10% do importe total do expediente de gasto, en ningunha das anualidades futuras ás que se estenda a súa execución material, agás, se é o caso, na derradeira.

3. Nas axencias públicas autonómicas o cálculo das anteditas porcentaxes realizarase sobre o crédito inicial dos puntos 6 e 7 de cada programa de gasto.

PUNTO 7. Gastos de carácter plurianual

A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase aos créditos que para cada exercicio se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Na elaboración dos orzamentos de cada exercicio non se poderán consignar partidas para novas actuacións ata que non se dea cobertura aos compromisos adquiridos en exercicios pasados.



PUNTO 8. Apertura contable

As ordes e instrucións de apertura contable darán prioridade ao traspaso dos compromisos futuros perante á atención de novo gasto no exercicio corrente que se abre.

PUNTO 9. Contabilización dos límites

Os compromisos de gastos de carácter plurianual a que fai referencia a presente orde serán adecuadamente contabilizados de forma independente.

PUNTO 10. Tramitación de expedientes anticipados de gasto

Para a autorización da tramitación anticipada de expedientes de gasto, deberán terse en conta os compromisos plurianuais asumidos con cargo ao orzamento do respectivo exercicio.

PUNTO 11. Vixencia anual dos límites cuantitativos

Na medida en que os referidos límites para contraer gasto a futuros está referenciada aos créditos iniciais do orzamento, cada exercicio haberán de habilitarse tales límites na contabilidade orzamentaria correspondente a exercicios futuros.

Os saldos de autorizacións de exercicios posteriores pendentes de comprometer e de retencións de exercicios posteriores pendentes de autorizar, que puidesen existir en relación cos compromisos plurianuais de gasto, serán anulados nas operación de cerramento de exercicio.

PUNTO 12. Procedemento para a contabilización dos límites.

- a. Para dar cobertura a esta habilitación legal na apertura de cada exercicio a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma cargará os límites de gastos para exercicios futuros dimanantes da aplicación das anteriores normas.
- b. Naqueles casos nos que os compromisos adquiridos superen os que



resultarían da aplicación do sinalado no punto 6, axustarase linealmente a porcentaxe aplicable ao resto de partidas ata que os futuros de todo o servizo cumpran cos límites establecidos no devandito punto. De non ser abondo axustaranse os límites da sección de referencia aplicando o mesmo sistema.

- c. No suposto previsto no apartado anterior, cando non fose abondo a minoración dos límites na sección de referencia, a persoa titular da Consellería de Facenda informará ao Consello da Xunta da situación e á vista dos escenarios plurianuais do orzamento da Comunidade Autónoma decidirá si incoar o expediente ao que fai referencia o artigo 58.8 do TRLFO.
- d. Para o caso dos puntos 11 e 12, entenderase por gastos comprometidos os que estiveran en fase D a peche de exercicio, tamén consideraranse aquí as retencións de crédito a futuros (RC) para expropiacións e liquidacións de obra.
- e. As oficinas contables deberán ter en conta o proxecto de orzamentos e os futuros comprometidos no intre da tramitación dos expedientes anticipados de gasto, aos efectos da aplicación das normas desta instrucción.

PUNTO 13. Límites das transferencias de financiamento de entes instrumentais.

As transferencias que financien os compromisos plurianuais dos entes instrumentais con orzamento estimativo do artigo 82 do TRLFO, terán o mesmo réxime no referente ao compromiso e contabilización de límites que o resto das partidas orzamentarias .

A tal fin estas entidades deberán remitir á intervención delegada por conduto da secretaria xeral técnica da sección á que estean adscritas os compromisos plurianuais que se asuman.

PUNTO 14. Informe dos compromisos de gasto a futuros.

- a. Os compromisos de gasto a futuros formarán parte dos escenarios



orxamentarios plurianuais que elabore a Consellería de Facenda.

b. Os compromisos de gasto a futuros das entidades instrumentais con orxamento estimativo do artigo 82 do TRLFO formarán parte dos PAIF, onde deberán indicarse os compromisos a financiar con transferencias da Comunidade Autónoma.

PUNTO 15. Retencións nos contratos plurianuais de obra.

Nos contratos de obra de carácter plurianual, con excepción dos realizados baixo a modalidade de aboamento total do prezo, efectuarase unha retención adicional de crédito do 10 % do importe de adxudicación, no momento en que esta se realice.

PUNTO 16. Aplicación da retención por liquidación dos contratos de obra plurianuais.

Esta retención aplicarase ao exercicio en que finalice o prazo fixado no contrato para a terminación da obra ou no seguinte, segundo o momento en que se prevexa realizar o pagamento da certificación final. Estas retencións computarán dentro das porcentaxes sinaladas no punto 6.

PUNTO 17. Compromisos futuros na adquisicións de bens inmobles.

Poderá ser diferido o pagamento do prezo de compra das adquisicións de bens inmobles cando concorran as seguintes circunstancias:

1. O importe excede os 58 millóns de euros.
2. O desembolso inicial no momento de asinar a escritura será maior ou igual ó 30% do prezo.
3. O resto do prezo poderá distribuírse libremente con vencementos ata en catro anualidades sucesivas, dentro das limitacións do punto 6.

PUNTO 18. Contratos de obras baixo a modalidade de aboamento total do prezo.

No caso dos contratos de obras que se efectúen baixo a modalidade de aboamento total deles, segundo o previsto no artigo 127 do Real decreto



lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, ben se pacte o aboamento total do prezo dunha soa vez ou se fraccione en distintas anualidades, haberá de solicitarse a correspondente superación de límites.

Neste caso, as anualidades non poderán ser superiores a dez desde a data fixada para a conclusión das obras.

PARTE II. Expedientes de superación de límites de compromisos de gasto en exercicios futuros.

PUNTO 19. Obxecto

O obxecto de esta parte é regular o procedemento para a autorización das propostas de modificación da porcentaxe dos límites ou da ampliación de anualidades sobre os recollidos no artigo 58 do TRLFO.

Do mesmo xeito, cando non exista crédito inicial e haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o seguinte exercicio e do mesmo se deriven compromisos que atinxen a exercicios futuros haberá que solicitar un expediente de superación de límites.

PUNTO 20. Competencia

O Consello da Xunta aproba o expediente, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda, a petición da correspondente consellería e logo dos informes que se xulguen oportunos e, en todo caso, do da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

No suposto de que, de acordo coa normativa aplicable, o Consello da Xunta teña que autorizar con carácter previo a aprobación dun gasto e elo coincida coa necesidade dunha superación de límites plurianuais, ambas propostas poderán someteranse a un único Consello da Xunta de forma separada. Haberán de adirse ao expediente do consello na Comisión de Secretarios. Neste suposto o informe da Intervención Xeral sobre a autorización polo Consello do expediente de gasto quedará condicionado á previa autorización polo Consello da Xunta da correspondente superación de límites.



PUNTO 21. Tramitación da solicitude

As solicitudes dos centros xestores remitiranse á secretaría xeral técnica da sección correspondente xunto cunha memoria xustificativa das necesidades formuladas.

As axencias públicas autonómicas actuarán, aos efectos deste expediente, como un servizo da consellería á que estean adscritas.

PUNTO 22. Contido da memoria xustificativa

A memoria xustificativa a lo menos acreditará:

1. A xustificación da causa excepcional que leva á superación dos límites establecidos para atender a unha necesidade de gasto.
2. A situación dos compromisos de gasto futuros antes da autorización da superación de límites e como quedaría una vez aprobada esta.
3. Límites noutras partidas que se ofrecen para compensar a devandita superación.

PUNTO 23. Superación de límites por falta de crédito inicial

1. Será preciso habilitar a oportuna dotación orzamentaria mediante transferencia de crédito ou outra modificación orzamentaria que garanta o financiamento no exercicio corrente do compromiso plurianual.
2. De seguido, haberá de acreditarse na memoria que a aplicación do gasto futuro ao crédito inicial a nivel de vinculación das partidas da transferencia cumpren cos límites do punto 6.

Para elo teranse en conta as partidas orixinarias e destinatarias de transferencia, así como os seus compromisos futuros.

3. De non ser precisa dotación orzamentaria no exercicio corrente, aplicarase o disposto no punto anterior.



PUNTO 24. Remisión do expediente á Consellería de Facenda

O secretario xeral técnico da sección da que dependa o xestor de gasto remitirá o expediente de referencia á Dirección Xeral de Orzamentos manifestando a conformidade co mesmo.

PUNTO 25. Informe de superación de límites da Dirección Xeral de Orzamentos

A Dirección Xeral de Orzamentos adirá ao expediente o informe favorable ou desfavorable ao que fai referencia o artigo 58.3 do TRLFO.

Así mesmo remitirá copia do informe á IXCA para a súa toma en consideración.

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda someterá á persoa titular da Consellería de Facenda a correspondente proposta de superación de límites para a súa elevación ao Consello da Xunta.

PUNTO 26. Precontabilización dos novos límites autorizados

No caso de informar favorablemente a Dirección Xeral de Orzamentos precontabilizará os correspondente documentos contables ML.

PUNTO 27. Contabilización dos novos límites autorizados

Unha vez aprobado polo Consello da Xunta o expediente de superación de límites se procederá pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma á contabilización dos documentos contables ML.

PUNTO 28. Axuste nas superacións autorizadas

1. Na medida en que o Consello da Xunta autoriza una superación de límites para un expediente concreto e excepcional, deberán axustarse as superacións de límites que non sirvan ao fin para o que se autorizaron por corresponder a baixas de licitación ou inexecucións.
2. Unha vez acadada a fase contable de compromiso de gasto (FASE D),



procederase a anular a superación de límites que non fose precisa tendo en conta as baixas de adxudicación ou inexecucións.

3. As oficinas contables quedaran obrigadas a comunicar a Dirección Xeral de Orzamentos as baixas de adxudicación ou inexecucións, aos efectos de que este centro directivo precontabilice os correspondentes documentos contables ML negativos, que posteriormente se contabilizarán pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

PUNTO 29. Límites inferiores aos previstos no punto 6

O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería competente en materia de Facenda, poderá establecer unhas porcentaxes de límite de compromiso de gasto a exercicios futuros inferiores aos previstos no punto 6, logo de xustificación da súa necesidade para garantir a senda de estabilidade orzamentaria comprometida no marco orzamentario plurianual.

PUNTO 30. Procedemento de axuste á baixa dos límites

Se o acordo do consello se incorpora á Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, aplicarase na carga inicial dos límites de compromisos a futuros.

Se, pola contra, o acordo se aprobara una vez aberto o exercicio orzamentario, a Consellería de Facenda contabilizará de oficio os correspondentes documentos contables ML, seguindo o mesmo procedemento que o establecido para os expedientes de superación de límites.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2012

A INTERVENTORA XERAL
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA



Almudena Chacón Pichel

O DIRECTOR XERAL
DE ORZAMENTOS



Miguel Corgos Lopez-Prado